xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2010.

Marta Fernández Currás
Conselleira de Facenda

ANEXO

Nº: 1.
Apelidos e nome: Peña Durán, Javier de la.
DNI: 46903826-H.
Posto elixido: 1.
Código do posto: EFC030001215770007.
Cons: FC.
Denominación: xefe Sección Fiscalización e Contabilidade.
Nivel: 25.
Centro destino: Intervención Delegada.
Centro directivo: Intervención Xeral da comunidade autónoma.
Concello: Santiago de Compostela.

Resolución do 18 de marzo de 2010, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se emprazan os interesados no recurso contencioso-administrativo P.A. 0000088/2010, interposto polo Consello Galego de Colexios Veterinarios.

A Dirección Xeral da Función Pública recibiu do Xulgado do Contencioso-Administrativo número un de Santiago de Compostela providencia pola que se admite a trámite o recurso contencioso-administrativo P.A. 0000088/2010, interposto polo Consello Galego de Colexios Veterinarios, contra a Orde do 10 de febreiro de 2009 pola que se convoca o proceso selectivo para o ingreso nas categorías 19 (titulado/a superior especialista) e 37 (titulado/a superior ambiental) do grupo I de persoal laboral fixo da Xunta de Galicia.

En consecuencia, esta dirección xeral acordou nesta data, de conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, a remisión do correspondente expediente administrativo ao referido xulgado. O que se notifica para xeral coñecemento de todas as persoas interesadas no procedemento, que son emprazadas para que poidan comparecer como parte nos autos no Xulgado do Contencioso-Administrativo número un de Santiago de Compostela no prazo de nove días, contados desde o seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 18 de marzo de 2010.

José María Barreiro Díaz
Director xeral da Función Pública

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Corrección de erros.-Orde do 16 de marzo de 2010 pola que se convocan procedementos selectivos de ingreso e acceso ao corpo de profesores de ensino secundario, profesores de música e artes escénicas, e profesores técnicos de formación profesional e procedemento de adquisición de novas especialidades polo persoal funcionario de carreira dos anteditos corpos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Advertidos erros na citada orde, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 62, do luns 5 de abril de 2010, é necesario efectuar as seguintes rectificacións:

Na páxina 4.940, número 3.4.2, segundo parágrafo, cuarta liña, onde di: «…que se achega como anexo IV,», debe dicir: «…que se achega como anexo V,…».

Na páxina 4.946, número 8.7, primeiro parágrafo, décimo cuarta liña, onde di: «…que se publica como anexo XIII,», debe dicir: «…que se publica como anexo XIV,».

Na páxina 4.949, número 9.5, parte B.2), último parágrafo da columna esquerda, quinta liña, onde di: «…a secretaría xeral…», debe dicir: «…a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos…».

Na páxina 4.950, número 9.10, segundo parágrafo, última liña, onde di: «…que se relacionan no anexo XIV.», debe dicir: «…que se relacionan no anexo XV.».

Na páxina 4.955, número 16.6, letra B), primeiro letra, cuarta liña, onde di: «…ao disposto no anexo X», debe dicir: «…ao disposto no anexo XI».

Na páxina 4.959, anexo III:

-Corpo de profesores de ensino secundario:

Onde di: «018: Psicoloxía e pedagoxía…,», debe dicir: «018: Orientación educativa…».

Debe engadirse:

104: Construcións civís e edificacións (BOE do 13 de febreiro de 1996).

111: Organización e procesos de mantemento de vehículos (BOE do 13 de febreiro de 1996).

-Corpo de profesores de música e artes escénicas, debe engadirse:

460: Linguaxe musical (BOE do 19 de febreiro de 2002).

Na páxina 4.965, anexo XI:

-Columna esquerda, penúltimo parágrafo, onde di:

«Arpa, canto, clarinete, fagot, fundamentos de composición, percusión, trompa, tuba, viola e vio-

loncello», debe suprimirse «fundamentos de composición».

-Debe engadirse:

«-Fundamentos de composición.

-Realización dun traballo de harmonía (baixo e tiple combinados) proposto polo tribunal. O tempo máximo para a realización desta proba será de cinco horas.

-Composición dunha fuga para catro voces mixtas a partir dun suxeito proposto polo tribunal. O tempo máximo para a realización desta proba será de oito horas.

-Análise escrita formal, estética, didáctica, harmónico-contrapuntística, melódica, etc., dunha obra ou fragmento facilitado polo tribunal. Este proporcionaralle ao opositor as fontes documentais da dita obra (autor, obra, edición, etc.). O opositor disporá dun máximo de cinco horas para a preparación deste exercicio e dun máximo de corenta e cinco minutos para a súa exposición, e deberá contestar a cantas preguntas lle formule o tribunal».

CONSELLERÍA DE SANIDADE

Orde do 23 de marzo de 2010 pola que se resolve a convocatoria pública para a provisión dun posto de persoal directivo vacante na Xerencia de Atención Primaria de Vigo.

Convocada por Orde do 25 de xaneiro de 2010 (DOG nº 26, do 9 de febreiro), a provisión dun posto de persoal directivo vacante na Xerencia de Atención Primaria de Vigo, esta consellería, de conformidade co previsto no Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, en exercicio das competencias que ten atribuídas,

DISPÓN:

Primeiro.-Resolver a convocatoria pública para a provisión dun posto de persoal directivo pertencente á estrutura organizativa da Xerencia de Atención Primaria de Vigo, anunciada por Orde do 25 de xaneiro de 2010 (DOG nº 26, do 9 de febreiro).

Segundo.-Seleccionar para a praza que se indica a persoa citada no anexo desta orde, para os efectos da súa contratación, ao abeiro do Real decreto 1382/1985, do 1 de agosto, polo que se regula a relación laboral de carácter especial do persoal de alta dirección.

Terceiro.-Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición ante este mesmo órgano, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación. De non estimarse a interposición deste recurso, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo competente no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Santiago de Compostela, 23 de marzo de 2010.

Mª Pilar Farjas Abadía
Conselleira de Sanidade

ANEXO

Posto: director/a médico/a de Atención Continuada
Nome e apelidos: María Pardo Corominas.
Centro: Xerencia de Atención Primaria.
Localidade: Vigo.

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Resolución do 18 de marzo de 2010, da Xerencia de Atención Primaria da Coruña, pola que se resolve a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de coordinador de servizo de Atención Primaria.

Convocada por Resolución 3/2010, do 19 de xaneiro (DOG nº 33, do 18 de febreiro), a provisión polo sistema de libre designación, de un posto vacante de coordinador de servizo de Atención Primaria, esta dirección xerencia, de conformidade co previsto no Decreto 206/2005, do 22 de xullo (DOG nº 145, do 29 de xullo), de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, e na Orde do 24 de maio de 2006 (DOG nº 106, do 5 de xuño), pola que se establecen as bases do procedemento para a provisión de postos de xefatura e coordinación das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, e en exercicio das competencias que ten atribuídas no artigo 3 da devandita orde e artigo 5º j) da Orde do 15 de xuño de 2009 (DOG nº 119, do 19 de xuño) sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde,

ACORDA:

Primeiro.-Resolver a convocatoria pública para a provisión dun posto vacante de coordinador de servizo de Atención Primaria, anunciado por Resolución 3/2010 (DOG nº 33, do 18 de febreiro).

Segundo.-Nomear para o posto que se indica a persoa citada no anexo desta resolución.

Terceiro.-O aspirante nomeado deberá cesar na praza que desempeña dentro dos tres días hábiles seguintes a aquel en que se publique esta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.